



MERCA AQUÍ

ESTEAS OU NON
EMPADROADO EN COMPOSTELA,
ATA 90€ SON PARA TI

BONOS CORAZÓN COMPOSTELA

**SE ES CLIENTE
DESCARGA OS TEUS BONOS**

*Por cada compra realizada a través dos bonos,
recibirás un boleto para optar
a vales de compra adicionais.*



+info: bonoscorazoncompostela.gal

1. QUE SON OS BONOS CORAZÓN COMPOSTELA?

O programa de Bonos Corazón Compostela é unha iniciativa do Concello de Santiago que ten por obxectivo incentivar a actividade económica mediante o cofinanciamento de **bonos para o consumo no comercio e na hostalería local**.

2. COMO FUNCIONAN OS BONOS CORAZÓN COMPOSTELA?

Cada cliente poderá descargar ata **3 bonos cofinanciados nun 40% polo Concello de Santiago** e nun 60% pola persoa solicitante. Hai tres tipos dispoñibles:

- **Bono de 75 €:** 45 € ponos o usuario, 30 € o Concello.
- **Bono de 50 €:** 30 € ponos o usuario, 20 € o Concello.
- **Bono de 30 €:** 18 € ponos o usuario, 12 € o Concello.

Cadaquén poderá escoller entre calquera das 3 modalidades, sendo posible solicitar máis dun bono da mesma clase.

O importe dos bonos irase consumindo nas compras de bens e servizos realizadas nos establecementos adheridos ao programa.

3. COMO SOLICITAR OS MEUS BONOS CORAZÓN COMPOSTELA?

Entra na web

www.bonoscorazoncompostela.gal

e rexístrate indicando os teus datos. Unha vez validada a solicitude e verificada a achega do cofinanciamento, poderás descargar os teus bonos en formato dixital a través dun código QR. Se prefires solicitalos de maneira presencial, deberás pedir unha cita previa a través do enderezo electrónico comercio@santiagodecompostela.gal.

4. QUEN PODE OBTEN OS BONOS CORAZÓN COMPOSTELA?

Calquera persoa pode beneficiarse do programa. O único requisito é ser maior de idade.

5. CANDO PODO EMPREGAR OS MEUS BONOS?

Tes de prazo ata o **10 de decembro de 2021**. Nese momento os bonos caducan e perderás o saldo remanente que non consumiras.

6. COMO TROCO OS MEUS BONOS CORAZÓN COMPOSTELA?

No momento de pagar deberás presentar o teu bono Corazón Compostela a través da aplicación móbil do programa. O importe de cada compra ou servizo adquirido irase descontando do saldo inicial de 75, 50 ou 30 €. Podes esgotalo nun só acto de consumo ou en varios, no mesmo ou en diferentes establecementos adheridos.

7. ONDE PODO MERCAR COS MEUS BONOS?

A listaxe de establecementos comerciais e de hostalería adheridos ao programa será publicada na web


www.bonoscorazoncompostela.gal co seu nome e localización.

Así mesmo, todos lucirán carteis e adhesivos para indicar que alí podes trocar os teus bonos.

8. QUE OCORRE SE DEVOLVO O QUE MERQUEI?

Nese caso, podes aplicar o importe do bono a outra compra de prezo igual ou superior ou trocalo por un vale sen caducidade.

**ENTRA XA EN
WWW.BONOSCORAZONCOMPOSTELA.GAL
E REXÍSTRATE!**





+info: bonoscorazoncompostela.gal